



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE NOVEMBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/1317/2018.- GENARO IGLESIAS GÓMEZ.- Conceder licenza de reforma para cambio de uso a garaxe no baixo do inmovible situado na rúa da Queimada nº 49.

LIC/407/2018.- ADOLFO MIGUEL PAN AÑON.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación de edificio de vivenda sito na rúa de San Pedro nº 12.

LIC/2559/2007.- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública en relación ca licenza de construción dunha vivenda unifamiliar encostada na rúa Camallóns en Casas Novas.

PARCELAMENTO.-

LIC/338/2018.- JOSE GABRIEL BARREIRO PÉREZ E DONA MARÍA TERESA FRAGA.- Conceder licenza para segregación e agrupación nun único acto dunha parcela sita en Lugar Lavacolla (A) – Noval 71-73.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de reforma para cambio de uso a garaxe no baixo do inmovible situado na rúa da Queimada nº 49. LIC/1317/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e concesión de licenza para rehabilitación de edificio de vivenda sito na rúa de San Pedro nº 12. LIC/407/2018. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública en relación coa licenza de construción dunha vivenda unifamiliar encostada na rúa Camallóns en Casas Novas. LIC/2559/2007. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para segregación e agrupación nun único acto dunha parcela sita en Lugar Lavacolla (A) - Noval 71-73. LIC/338/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aceptación da subvención PIMA Residuos 2017, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, para a realización da implantación de compostaxe comunitaria. Acéptase e subvención concedida de 46.371 euros para financiar o proxecto de implantación da compostaxe comunitaria en Santiago, que terá un custo total de 111.992,60 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de "servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela. Reservada a Centros especiais de emprego D.A.4ª da LCSP". Acórdase adxudicar o contrato á empresa Coregal Parques e Xardíns por un importe de 90.024 euros, IVE incluído.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa ao expediente de "arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela." Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, cun tipo de licitación de 39.752,13 euros, IVE incluído.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á prórroga do contrato de "subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Francisco Arenas Ramírez, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de decembro de 2018 ata o 30 de novembro de 2019 e por un importe total de 17.091,22 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de "servizo de radiocomunicacións Trunking de voz e datos para o servizo da policía local do Concello de Santiago de Compostela." Acórdase adxudicar o contrato á empresa Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.Coop, por un importe de 78.625,09 euros, IVE incluído.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á autorización de diversas actuacións no contrato de "servizo de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela."

Acórdase autorizar a realización das seguintes actuacións:

_ Reforma do alumado público en Lamasca: 4.799,05 euros

_ Eliminación de luminarias tipo globo: 13.588,18 euros

_ Substitución de luminarias en carrís de incorporación: 20.709,25 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente de "servizo de mantemento avanzado da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN subministrada por Aytos Soluciones Informáticas, S.L.U. (BERGUER LEVRAULT) do Concello de Santiago de Compostela"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.981 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "prestación do servizo para roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela." Apróbase a proposta.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termo municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela." Apróbase a proposta.

15.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do protocolo de colaboración para a organización da campaña "25N en negro contra a violencia" 2018. Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a Sociedade Cooperativa Galega MERCADO DE ABASTOS. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

17.- Recurso de reposición interposto por VIPECA OBRAS Y SERVICIOS SL contra a resolución do contrato con dita empresa para a execución das "obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do Parque Empresarial da Sionlla". Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto e confírmase o acordo recorrido en todos os seus termos.

18.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á resolución da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no concello de Santiago de Compostela 2018. Acórdase a concesión das seguintes subvencións:

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

_Santiago Centro: 17.595,17 euros
_Asociación Em-Rede: 2.700,75 euros
_Compostela Monumental: 29.179,58 euros

19.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á devolución da garantía definitiva constituída no expediente de instalación dunha pista de xeo na Alameda 2015/2016. Apróbase a proposta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de subvencións por mor das festas patronais en barrios e parroquias da cidade 2018. Apróbase a proposta.

21.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á modificación dos importes da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019, destinadas ao sector profesional. Apróbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á modificación dos importes da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019, para entidades sen ánimo de lucro. Apróbase a proposta

23.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o IES ROSALÍA DE CASTRO e o Concello para o Bacharelato Internacional. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 6.208 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do Programa Municipal de Conciliación de Nadal. Apróbase a memoria do Programa Municipal de Conciliación de Nadal, que terá lugar os días 24, 26, 27, 28 e 31 de decembro, e 2, 3, 4 e 7 de xaneiro nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e do CEIP Raíña Fabiola, así como os seus prezos públicos.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do proxecto básico e de execución do “Itinerario peonil seguro para a interconexión dos centros do CEIP de Fontiñas”. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 124.955,89 euros, IVE incluído.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio de trámites para a recepción das obras de adecuación da parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avenida de Ferrol. Apróbase a proposta.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta da prórroga dos representantes municipais nos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. Apróbase a proposta.

5.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración do Concello de Santiago coa Fundación Paideia e don Electro Álvarez de la Sierra para a organización da exposición “En Negro contra a Violencia 2015-2018”. Apróbase a proposta.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á revogación das resolucións municipais en relación ao aparcamento do Olvido. Acórdase revogar as reoslucións municipais impugnadas, estimando parcialmente o recurso de reposición presentado e reiniciaro procedemento administrativo coa finalidade de que por medio dun título administrativo habilitante (autorización ou concesión administrativa), con audiencia das

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

persoas interesadas, se determinen as condicións do acceso polos usuarios dos aparcamentos privados a través do aparcadoiro público e, en concreto, a contribución daqueles usuarios e do Concello no financiamento dos gastos que sexan comúns así como as demais cuestións referidas ao pago e liquidación das cotas.

7.-Proposta dos concelleiros delegados de Medio Rural e de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do programa “Festival Internacional da Economía e Cultura Rural 2018-2019, FICRURAL” e da solicitude ante a Deputación da Coruña dunha subvención nominativa para a realización desta actividade. Apróbase o programa de actividades FICRURAL2018 e a achega municipal para o seu desenvolvemento por un importe de 30.000 euros. Acórdase tamén tramitar unha subvención nominativa para o financiamento deste programa coa Deputación da Coruña por un importe de 120.000 euros, que financiará as actividades previstas para o ano 2019.

8.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á subscrición dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade. Apróbase o convenio, que suporá unha achega municipal de 15.000 euros.

9.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato de subministro de uniformes para a Policía Local (Lote A, prendas de confección a medida). Acórdase iniciar o expediente sancionador, dando audiencia ao contratista DANNER BOOTS SL por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.

10.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato de subministro de uniformes para a Policía Local (Lote D, prendas para auga). Acórdase iniciar o expediente sancionador, dando audiencia ao contratista DANNER BOOTS SL por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.